



CONCRECIÓN CURRICULAR

9-5-2017

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Concepto

A Concreción Curricular permite axustar o currículo deseñado, para a nosa comunidade e etapa, ás características do contexto educativo do noso centro. A través dela, establécense os criterios que lle dan unha continuidade vertical e coherente e o proceso de avaliación e seguimento do alumnado ó longo de todos os niveis.

A **Avaliación** do proceso de aprendizaxe do alumnado levarase a cabo co referente dos *Estándares de aprendizaxe*. Tal e como se mostra na concreción, é responsabilidade do profesorado repartir os estándares das áreas e niveis que lle competen, nos catro bloques de avaliación establecidos: *Desempeño, Rendemento, Actitude e Convivencia*.

Para cada bloque establécese un peso no valor final da calificación, de xeito que a suma da **Ponderación** dos bloques correspóndese co 100% da calificación. Quedan definidos así os criterios de calificación que permiten manter un sentido único e compartido na avaliación do alumnado ó longo de todos os niveis.

Do mesmo xeito, facilítaselle ó profesorado unha serie de **Técnicas e Instrumentos de avaliación** en relación a cada un dos bloques presentados. É responsabilidade do propio profesorado escoller e deseñar aquelas técnicas e instrumentos que lle permitan recoller e analizar a información para a avaliación do alumnado. Estas decisións deberán incluírse nas correspondentes Programacións Didácticas.

A Concreción Curricular que se presenta a continuación constitúe o terceiro nivel de concreción, punto de partida para a elaboración das Programacións por parte do profesorado. Estas PD deberán axustar os aspectos recollidos no PE ós correspondentes grupos, tendo en conta en todo momento que o proceso de avaliación da aprendizaxe vai unido ó propio deseño do proceso educativo. Os Criterios de Cualificación establecidos para o centro poñen de manifesto a importancia de acadar unha aprendizaxe significativa, real e competencial durante o día a día.

CRITERIOS CUALIFICACIÓN

AVALLACIÓN (Que vou avallar?)		PONDERACIÓN (Criterios de cualificación → indicadores)	TÉCNICAS AVALLACIÓN (Como o vou avallar?)	INSTRUMENTOS AVALLACIÓN (Con que o vou avallar?)
Desempeño do alumnado (grao de competencia e eficiencia con que unha persoa desenvolve un labor asignado)	CRITERIOS / ESTÁNDARES	1º/2º	Análise do desempeño Análise das producións do alumnado	Portafolios Caderno clase / campo Monografía Organizadores gráficos: esquema, cadro sinóptico, mapa conceptual... Investigación Resolución exercicios / problemas Questionario sobre o procedemento Produción oral, plástica, musical... Expresión corporal Lista de cotexo Rúbrica
		40%		
Rendemento		15%	Probas específicas: orais escritas prácticas	Obxectivas / Test (resposta alternativa, correspondencia, ordenamento, emparellamento...) Probas de "desarrollo" - ensaio / interpretativa Mixtas Exposición dun tema Probas de capacidade motriz ...
		20%		

<p>Actitude na aula</p> <ul style="list-style-type: none"> -Responsabilidade -Autonomía -Iniciativa -Traballo metódico -Motivación -Esforzo -Aceptación dos erros -Traballo cooperativo / colaborativo <p>CAA CSIEE</p>	CRITERIOS / ESTÁNDARES				25%	25%	20%	<p>Observación sistemática</p> <p>Autoavaliación / Coavaliación</p>	<p>Lista de cotexo (S/INON)</p> <p>Escala de valoración (frecuencia S/AV/N caracterización C/EP/I numérica, descriptiva...)</p> <p>Escala de actitudes</p> <p>Registro anecdótico</p> <p>Guía de observación</p> <p>Fichas autoavaliación / coavaliación</p> <p>...</p>
<p>Convivencia</p> <ul style="list-style-type: none"> -Habilidades sociais -Resolución de conflitos mediante o diálogo -Respecto polos dereitos dos demais -Respecto polas normas, materiais e contorno -Traballo cooperativo / colaborativo <p>CSC</p>				20%	15%	15%	<p>Observación sistemática</p> <p>Xogos de simulación</p> <p>Dramatizacións</p> <p>Asemblea / debate</p> <p>Técnicas sociométricas</p>	<p>Lista de cotexo</p> <p>Escala de valoración</p> <p>Escala de actitudes</p> <p>Registro anecdótico</p> <p>Guía de observación</p> <p>Cuestionarios</p> <p>Táboas sociométricas</p> <p>Sociogramas (gráficas)</p> <p>...</p>	

2. Aprobación da Concreción Curricular.

Aprobado polo Claustro de profesores/as con **data 9 de maio de 2017.**

Actualización criterios de promoción:

Tendo en conta a aplicación da seguinte normativa en vigor:

Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación

Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Orde de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na educación primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional

Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanza de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

Establécese que:

Ao finalizar os cursos de segundo, cuarto e sexto de educación primaria e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos de la etapa será automática.

A permanencia no mesmo curso se considera unha medida de carácter excepcional que se tomará unha vez ao longo da etapa se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender as dificultades de aprendizaxe do alumnado, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Esta decisión basearase nos criterios de promoción, definidos a partir dos criterios de cualificación das áreas, recollidos na Concreción curricular e nas programación didácticas.

Será condición necesaria para a promoción en 2º, 4º e 6º a cualificación positiva nos bloques de Desempeño e Rendemento de todas as áreas.

O alumnado que non acadase esta cualificación positiva poderá promocionar sempre e cando o equipo docente considere que a promoción repercutirá positivamente no desenvolvemento integral do alumno/a e no progreso das súas propias capacidades.

Do mesmo xeito, poderá non promocionar aquel alumnado que non acade unha cualificación positiva nos bloques de Desempeño e Rendemento, sempre e cando o equipo docente considere que a non promoción contribuirá a unha mellor adquisición dos obxectivos da etapa e a adquisición das competencias clave.